

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NA PROMOCIÓN

1 ENTIDADE ORGANIZADORA DO SORTEO

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, con domicilio no Edificio Administrativo de San Lázaro, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela, con enderezo electrónico subactividades-xuventude.ctb@xunta.es e teléfono 981 544 645 pon en marcha o sorteo “Primavera Xove: Encontros e networking nos campus universitarios” (en adiante o SORTEO) incentivando a participación na devandita iniciativa.

2 DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

O ~~primeiro~~ SORTEO iniciárase ás 18.00 horas do día 12/05/2021 e finalizará ás 11.59 horas do día 08/07/2021.

3 REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

- Poden participar todas aquelas persoas mozas galegas participantes no programa Primavera Xove, na categoría Encontros e networking nos campus universitarios. A participación deberá ser efectiva e verificarase pola folia de sinaturas de cada encontro.

- Os datos que acheguen as persoas participantes deben ser veraces.

- As persoas participantes poden participar no SORTEO unha vez por cada encontro ao que asistan, podendo repetir a participación se asisten máis dun encontro diferente.

O SORTEO ten a seguinte mecánica:

1. Subir unha publicación a Instagram relativa a un dos Encontros e networking nos campus universitarios, do programa Primavera Xove.

2. Ser seguidor/a da páxina oficial de @xuventudegalicia en Instagram.

2. Utilizar o cancelo (hashtag) #PrimaveraXove, mencionar a @xuventudegalicia e indicar o nome do Encontro no que participou.

3. Facer captura da participación e remitila a @xuventudegalicia por mensaxería privada.

4 CONDICIÓN DO SORTEO E PREMIOS

A selección das persoas gañadoras levarase a cabo mediante un sorteo simple a través da APP de Easypromos. Haberá un único sorteo que proporcionará 1 gañador/a e 10 suplentes.

Aquelas participacións que se fagan baixo as condicións explicadas na epígrafe anterior serán

incluídas na APP de Easypromos.

As persoas participantes no SORTEO poden facer uso das redes sociais para difundir o SORTEO e incentivar a participación.

A organización do SORTEO resérvase o dereito de eliminar calquera participante se detecta algunha actividade sospeitosa de ser ilícita ou se a persoa gañadora do sorteo non cumpre os criterios marcados nas presentes bases.

No caso de producirse isto, o primeiro participante suplente determinado polo sorteo ascenderá á posición de gañador.

Premios e comunicación ás persoas gañadoras

Na promoción sortearase **como premio un patinete eléctrico, valorado en 300 euros.**

O resultado do SORTEO seralles comunicado ás persoas gañadoras a través da plataforma Easypromos e mediante o enlace nos diferentes medios dixitais de @xuventudegalicia, nomeadamente Instagram. A organización do sorteo tamén se poñerá en contacto coa persoa gañadora a través da plataforma de mensaxería privada de Instagram para confirmar a aceptación do premio, que se deberá realizar nun prazo máximo de 3 días naturais contados a partir do día seguinte á notificación. Para isto, deberán responder no sistema de mensaxería privada de Instagram e acreditar que cumpren cos requisitos anteriormente descritos. Se non hai resposta no prazo estipulado, pasarase a seleccionar outro usuario suplente. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se fai responsable de non poder contactar coa persoa gañadora e, por conseguinte, que non se lle poida outorgar o premio.

5 LIMITACIÓNS

De evidenciarse que calquera das persoas participantes non cumpre os requirimentos esixidos nestas bases ou os datos proporcionados para participar non son válidos, a súa participación considerarase nula e quedará automaticamente excluída do SORTEO, perdendo todo o dereito sobre os premios outorgados en virtude deste SORTEO.

Non poderán participar no SORTEO as seguintes persoas:

1. Traballadores por conta allea ou empregados en calquera das entidades con personalidade xurídica vinculadas á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
2. Calquera outra persoa física que participase directa ou indirectamente na organización do SORTEO ou que se involucrase directa ou indirectamente na súa preparación ou desenvolvemento (axencia, provedores, etc.).

Os premios entregados non son transferibles nin susceptibles de cambios, alteracións ou compensación a petición das persoas participantes e non poderán trocarse por calquera outro produto ou diñeiro.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase o dereito, se concorre xusta causa tras a comunicación previa en forma legal, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar o SORTEO.

Correrá a conta e cargo da persoa gañadora calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidese suporlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado nas presentes bases.

Establécese un prazo de 7 días hábiles desde a data da concesión do premio para efectuar calquera reclamación motivada. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase, no caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír os premios por outros de características similares.

6 PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios nin opinións cuxo contido se considere desaxeitado, que sexan ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se responsabilizará dos danos ocasionados polos comentarios que fagan as persoas participantes do SORTEO e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutras persoas.

7 EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente SORTEO, así como tampouco se responsabiliza do uso que faga a persoa participante ao respecto do premio que obteña deste SORTEO; tampouco asume ningunha responsabilidade por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puidesen sufrir as persoas participantes, a persoa gañadora ou terceiros.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do SORTEO ou do goce total ou parcial do premio. No caso de que este SORTEO non puidese realizarse, ben por fraudes detectados, erros técnicos ou calquera outro motivo que non estea baixo o control da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e que lle afecte ao normal desenvolvemento do SORTEO, esta Dirección Xeral resérvase o dereito a cancelala, modificala ou suspendela, incluíndo a páxina web de participación.

8 FACEBOOK/INSTAGRAM

O presente SORTEO non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado de ningún modo a Instagram/Facebook polo que as persoas participantes liberan a Facebook de toda responsabilidade polos eventuais danos que se puideren derivar.

9 PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade responsable do tratamento dos seus datos é Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.

Finalidades do tratamento: Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, a normativa recollida no formulario, na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.

Destinatarios dos datos: As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.

Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

10 CAMBIOS

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos das persoas participantes no SORTEO.

11 LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese propor en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os xulgados e tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado